



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Economía aplicada ao turismo

|                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |        |       |              |
|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|--------------|
| Materia               | Economía aplicada ao turismo                                                                                                                                                                                                                                                                                            |        |       |              |
| Código                | 004G240V01301                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Turismo                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | OB     | 2     | 1c           |
| Lingua de impartición | Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |        |       |              |
| Departamento          | Economía aplicada                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |        |       |              |
| Coordinador/a         | Soto Oñate, David<br>Swagemakers, Paul                                                                                                                                                                                                                                                                                  |        |       |              |
| Profesorado           | Soto Oñate, David<br>Swagemakers, Paul                                                                                                                                                                                                                                                                                  |        |       |              |
| Correo-e              | paul.swagemakers@uvigo.es<br>davidso@uvigo.es                                                                                                                                                                                                                                                                           |        |       |              |
| Web                   | <a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>                                                                                                                                                                                                                                                             |        |       |              |
| Descrición xeral      | Economía Aplicada ó Turismo é unha materia básica que se imparte no primeiro semestre do Grao en Turismo. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales aproximadamente 50 son actividades presencias, mentres que o resto serán actividades non presenciais. |        |       |              |

Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento das técnicas e da área de estudo da Economía Aplicada, con especial fincapé no papel do sector turístico nas economías actuais.

## Competencias

|        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|--------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| A1     | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2     | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.                                                     |
| A3     | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                                                                                     |
| A4     | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.                                                                                                                                                                                    |
| A5     | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.                                                                                                                                                                               |
| B1     | Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información                                                                                                                                                                                                                                                        |
| B2     | Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición                                                                                                                                                                             |
| B3     | Capacidade para interpretar criticamente datos e texto                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| B5     | Capacidade de comunicación oral e escrita                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| B7     | Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual                                                                                                                                                                                                                                                            |
| B8     | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| B9     | Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado                                                                                                                                                                                                               |
| B10    | Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións                                                                                                                                                                                                                           |
| C1     | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.                                                                                                                                                                         |
| C2     | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto de políticas públicas, estrutura e evolución dos mercados turísticos: relacións nacionais e internacionais.                                                                                                                                                            |
| C10    | Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| D3     | Creatividade                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |

| <b>Resultados de aprendizaxe</b>                                                                                                                    |                                       |                                               |                 |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|-----------------------------------------------|-----------------|----|
| Resultados previstos na materia                                                                                                                     | Resultados de Formación e Aprendizaxe |                                               |                 |    |
| Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española, da importancia do sector turístico dentro da mesma.     | A1<br>A2<br>A3                        | B1<br>B3                                      |                 |    |
| Acceder ás fontes estatísticas e bibliográfica da Economía Mundial e de España, así como do sector turístico enmarcado no seu contexto económico.   |                                       | B1<br>B2<br>B3<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10       | C2              |    |
| Sintetizar información estatística no ámbito económico e social en Indicadores Económicos relevantes e interpretar indicadores.                     | A3<br>A4                              | B1<br>B2<br>B3<br>B5<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C2              |    |
| Elaboración e exposición dos resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, realización de gráficos e presentacións. | A3<br>A4<br>A5                        | B2<br>B3<br>B5<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10       |                 | D3 |
| Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistras.                                                                           | A4<br>A5                              | B3<br>B5<br>B7                                | C1<br>C2<br>C10 | D3 |

## Contidos

| Tema                                                      |                                                                                                                                                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Parte I: Introducción                                     | Os obxectivos básicos e as preguntas relevantes. Organización e método de traballo. Sistema de avaliación da materia. Ferramentas de traballo e da Plataforma Tema. Análise de coñecementos previos e expectativas. |
| Tema 1: Obxectivos e Metodoloxía da materia.              |                                                                                                                                                                                                                     |
| Tema 2: Técnicas e instrumentos económicos de avaliación. | Obxectivos do Tema. A actividade económica e o crecemento económico. Indicadores económicos. Crecemento e Desenvolvemento. Principais fontes estatísticas e bibliográficas.                                         |
| Parte II: Economía Mundial e Turismo                      | Obxectivos do Tema. Análise do crecemento nos países desenvolvidos. Factores. O mercado turístico internacional.                                                                                                    |
| Tema 3: Os Países Desenvolvidos.                          |                                                                                                                                                                                                                     |
| Tema 4: Os Países en Vías de Desenvolvemento.             | Obxectivos do Tema. Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. Estratexias de crecemento económico. O papel do turismo como oportunidade de crecemento.                                     |
| Parte III: Economía Española                              | Obxectivos do Tema. Crecemento económico e evolución da Economía Española. O sector turístico na Economía Española.                                                                                                 |
| Tema 5: O desenvolvemento económico español.              |                                                                                                                                                                                                                     |
| Tema 6: O Sector Público en España.                       | Evolución do papel do Estado nas economías. Estructura e funcións do Estado. O papel do Sector Público no desenvolvemento turístico.                                                                                |
| Parte IV: A actualidade da economía española e mundial    | Temas de actualidade da Economía Mundial. Temas de actualidade da Economía Española.                                                                                                                                |
| Tema 7: Temas de debate e actualidade                     |                                                                                                                                                                                                                     |

## Planificación

|                                                           | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-----------------------------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 8             | 24                 | 32           |
| Debates                                                   | 2             | 8                  | 10           |
| Actividades introdutorias                                 | 3             | 6                  | 9            |
| Prácticas en aulas de informática                         | 10            | 10                 | 20           |
| Sesión maxistral                                          | 20            | 20                 | 40           |
| Probas de tipo test                                       | 2             | 10                 | 12           |
| Probas de resposta curta                                  | 4             | 20                 | 24           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| <b>Metodoloxía docente</b>                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                           | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Durante o curso, proporase cada aos alumnos un conxunto diverso de exercicios complementarios, que poden incluír problemas de cálculo, análises de casos, lectura de artigos científicos, lectura de artigos de prensa, videos, etc. Estas actividades serán realizadas individualmente ou en grupo, según proceda, e contarán cunha parte non presencial, de traballo autónomo e outra parte de presentación e corrección en aula.<br>Este tipo de exercicio require que o estudante teña acceso a Internet, pois será necesario acceder á Plataforma Tema para descargar a información, así como acceder ás Bases de Datos Oficiais. En todo caso, os alumnos sempre disporán de internet nas Aulas de Libre Acceso da Facultade. |
| Debates                                                   | A través da Plataforma Tema proporáselle ao alumno un conxunto de lecturas relacionadas cos contidos dos temas do Programa. Posteriormente, haberá unha sesión presencial para o debate aberto na aula ó redor dos contidos das lecturas propostas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Actividades introductorias                                | Nas actividades introductorias, presentarase a materia, os seus contidos e obxectivos, así como a planificación docente e o sistema de avaliación. Poderá realizarse algunha proba de coñecementos previos ou de comprobación da comprensión do sistema por parte do alumnado.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Prácticas en aulas de informática                         | Nas prácticas nas aulas de informática o alumnado realizará exercicios e análises de casos nos que o alumnado aprenderá a manexar información estatística coas técnicas de análise máis habituais. Con estas prácticas o alumnado aprenderá a organizar información, sintetizar e depurar datos, construír indicadores, etc. Isto esixirá a realización de cálculos básicos (taxas de variación, números índice, etc.) e a súa representación gráfica.                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| Sesión maxistral                                          | Nas sesións maxistrais, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Tomárase como punto de partida as preguntas destacadas en cada un dos temas, así como os resultados e conclusións que se vaian acadando simultaneamente nas outras actividades docentes relacionadas co tema. Será labor do docente aportar as ideas centrais e os criterios de organización e interpretación da información necesarios para que o estudante sexa capaz de constestar ás preguntas relevantes. As sesións maxistrais poderán apoiarse en problemas e análises de casos.                                                                                                                                                                 |

| <b>Atención personalizada</b>                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|-----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Metodoloxías</b>                                       | <b>Descrición</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais como titorias como non presenciais a través da Plataforma Tema. Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a través da Plataforma Tema. |
| <b>Probas</b>                                             | <b>Descrición</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Probas de tipo test                                       | As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais como titorias como non presenciais a través da Plataforma Tema. Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a través da Plataforma Tema. |
| Probas de resposta curta                                  | As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais como titorias como non presenciais a través da Plataforma Tema. Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a través da Plataforma Tema. |

| <b>Avaliación</b>        |                                                                                                                                                                                     |               |                                            |
|--------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|--------------------------------------------|
|                          | Descrición                                                                                                                                                                          | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe      |
| Probas de tipo test      | Consistirán na realización de cuestionarios vinculados ás sesións Maxistrais, Prácticas de Laboratorio, Lecturas, Debates e demais exercicios complementarios propostos.            | 50            | A1 B3 C1<br>A3 B8 C2<br>A4 C10<br>A5       |
| Probas de resposta curta | Consistirán na realización de probas de resposta curta vinculados ás sesións Maxistrais, Prácticas de Laboratorio, Lecturas, Debates e demais exercicios complementarios propostos. | 30            | A2 B3 D3<br>A3 B5<br>A4 B8<br>A5 B9<br>B10 |

|                         |                                                                                                                                                                                                  |    |          |                                         |     |    |
|-------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----------|-----------------------------------------|-----|----|
| Observación sistemática | Basearase na participación do alumnado nas actividades de avaliación continua propostas durante o curso, incluída a entrega de traballos de tipo voluntario propostos durante o período docente. | 20 | A4<br>A5 | B1<br>B2<br>B5<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C10 | D3 |
|-------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----------|-----------------------------------------|-----|----|

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia será continua. A nota final configúrase a partir de probas test e de resposta curta sobre os contidos da materia, e a partir da observación da participación do alumnado nas actividades do curso (asistencia e participación activa nas clases, entrega de actividades voluntarias). O alumnado que supere a materia mediante avaliación continua non precisará presentarse ó exame final da materia.

Aqueles alumnos que non acaden un rendemento satisfactorio mínimo poderán ser suspendidos do sistema de avaliación continua antes de rematar o curso. Poderá realizarse unha primeira avaliación de rendemento no primeiro mes do curso. Asimesmo, é preciso presentarse a todas as probas e actividades avaliábeis (excepto ás actividades calificadas como voluntarias) para ter a posibilidade de ser avaliado/a mediante avaliación continua.

Cando non proceda a avaliación continua realizarase un exame final, que poderá incluír preguntas de tipo test e de resposta curta/problemas sobre o contido das clases maxistras, das prácticas de aula informática, das lecturas e debates e demais exercicios e tarefas do curso. Neste caso a nota da parte test do exame constituirá o 60% da nota final e a parte de resposta curta o 40%.

O exame correspondente á segunda e posteriores convocatorias seguirá o mesmo modelo que o exame final.

Os estudantes que non participen na avaliación continua nin realicen o exame final, figurarán nas actas como non presentados. O alumnado que suspenda a avaliación continua e non se presenten ó exame final, figurará nas actas como suspenso. O alumnado que aprobe a avaliación continua e desexa subir nota, poderá presentarse ó exame final (nese caso a nota do exame final substituirá a todos os efectos á nota obtida mediante avaliación continua).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-16.

### Bibliografía. Fontes de información

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, 11ª Ed., 2013,  
Jaime Requeijo González, **Economía Mundial**, 4ª Ed., 2012,  
Berzosa, Carlos; Pablo Bustelo, Jesús de la Iglesia, **Estructura Económica Mundial**, 2ª Ed., 2001,

### BIBLIOGRAFIA COMPLEMENTARIA

- Cuenca García, Eduardo: Organización económica internacional, Madrid: Pearson-Prentice Hall, 2004
- Jiménez, Juan Carlos; Carlos M. Fernández-Otheo, Antoni Garrido (editores) Ejercicios y prácticas de economía española, Madrid : Civitas, 2001.
- Miguel González Moreno (director): Temas de economía española , Valencia:Tirant lo Blanch, 2008.
- Martín, Carmela: España en la nueva Europa, Madrid : Alianza : Fundación de las Cajas de Ahorros Confederadas, D.L. 1997
- Martín Mayoral, Fernando (coord.) (2009) Manual de Economía Española, Teoría y Estructura : Madrid, Pearson.
- Martínez Chacón (director) (coord.) Economía española. Barcelona : Ariel, 2009.
- Montaner, J. (2002). Política y relaciones turísticas internacionales. Ariel Turismo.
- Paz Báñez, M.A. (2000). Economía mundial. Tránsito hacia el nuevo milenio. Ed. Pirámide,
- Rivas García, J. (2007). Estructura y Economía del Mercado Turístico. Septem Ed.
- Todaro, Michael P.: Economic development. London: Longman, 2009.
- Vidal Villa, Jose María; Javier Martínez Peinado: Economía mundial Madrid : McGraw-Hill, D.L. 2000.

### DIRECCIÓN DA INTERNET CON BASES DE DATOS E INFORMES SOBRE ECONOMÍA MUNDIAL E ESPAÑOLA:

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Planificación pública do desenvolvemento turístico/O04G240V01604  
Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

---

Economía: Introducción á economía/O04G240V01103

Xeografía: O turismo no mundo actual/O04G240V01104

Estatística/O04G240V01402

---